



**ORDENANZA FISCAL Nº 18.- REGULADORA DA TAXA POLA  
PRESTACIÓN DO SERVICIO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

**FUNDAMENTO E RÉXIME.**

**ARTÍGO 1º.-**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19, en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Narón establece as taxas pola prestación do servizo da escola infantil municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**FEITO IMPOÑIBLE.**

**ARTÍGO 2º.-**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de escola infantil municipal, consistente en gardería para nenos, educación, comedor e outros complementarios.

**SUXEITOS PASIVOS.**

**ARTÍGO 3º.-**

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

2.- Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na lei xeral tributaria, os seus pais, titores ou calquera outro representante legal.

**RESPONSABLES.**

**ARTÍGO 4º.-**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que sexán causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

**COTA TRIBUTARIA.**

**ARTÍGO 5º.-**



1.- A cota tributaria virá determinada pola aplicación das tarifas máximas fixadas neste artigo e, tendo en conta, no seu caso, os coeficientes reductores que se establecen no artigo seguinte, atendendo a criterios xenéricos de capacidade económica.

### TARIFAS.:

Renta per cápita mensual	Cuota mensual xornada completa	Cuota mensual meida xornada	Cuota comedor	Hora adicional*
Inferior a 120,20 Euros	Exento total	Exento total	Exento total	Exento total
De 120,21 a 180,30 Euros	20,85 €	15,28 €	6,26 €	2,08 €
De 180,31 a 240,40 Euros	52,13€	38,22 €	15,63 €	5,21 €
De 240,41 a 330,56 Euros	78,18 €	57,33 €	23,44 €	7,82 €
Maís de 330,56 Euros	104,25 €	76,45 €	31,28 €	10,43 €

Hora complementaria	17,37 €
Comedor día suelto	2,31 €

\* Hora adicional a que supere as 8 horas diarias

Horario	
Apertura Centro	7:30 a 20:00
Xornada mañá	9:30 a 13:30
Xornada tarde	3:30 a 19:30

2.- Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que componen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Defínese a unidade familia como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de idade e menores de 26 anos e os incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autónomica competente.

Nos casos de separación legal ou cando non existir a vínculo matrimonial a unidade familiar estará formada polo pai ou a nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no párrafo anterior.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo a situación existente a 31 de decembro de cada ano.

### REDUCCÍONS.

#### ARTÍGO 6º.-

1.- Segundo as circunstancias da unidade familiar, das cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas no artigo 5 desta ordenanza, realizaranse os seguintes descontos:

- 20 por 100 no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20 por 100 no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20 por 100 no caso de asistencia delgún irmán á mesma escola infantil municipal.

Os anteriores descontos, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.



2.- No suposto de nenos/as que soliciten ingresos na escola infantil municipal e non estean empadroados, abonarán o custo total do servizo.

### **PERÍODO IMPOSITIVO E RETRIBUCIÓN.**

#### **ARTÍGO 7º.-**

1.- O período impositivo coincide co mes natural de prestación de servizos. A cota tributaria resultante da aplicación dos dous preceptos anteriores non poderá reducirse aínda cando a prestación do servizo non teña lugar durante todo o mes natural.

2.- A taxa retribúese co inicio do mes natural, agás nos casos de incorporación ó servizo con posterioridade a tal data, no que se retribuirá a taxa coa correspondente alta.

### **XESTIÓN E RECADACIÓN DA TAXA.**

#### **ARTÍGO 8º.-**

1.- A liquidación da cota tributaria practícase por meses naturais e deberáns aboa-los interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servizo. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos.

2.- A inasistencia do usuario ó centro durante un período determinando non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

#### **ARTÍGO 9º.-**

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.